

N.º 1724

Sociedad Amigos de los Arboles

Obsequio á los Niños

EN LA

FIESTA del ARBOL

de 1914



Papelería é Imprenta *Garcybarra*

F-16082



RECUERDO

DE LA

FIESTA del ARBOL

de 1914



Imprenta y Papelería **Garcybarra**
Real, 66—LA CORUÑA

R. 12455



FIESTA DEL ARBOL

de 1914

Imprenta de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de Madrid

O CASTIÑEIRO

(Conto para nenos e para grandes)

Aquela mañan—e xa choveu e ventou dende enton—despertouse Xelo—un veciño d'este rueiro fai longos anos—d'un xenio de todo-los diaños. O vispora, malía da labor d'un forte día de traballo, él, tan afeito á se quedar axiña coma un rulo, tardara os poucos e os moitos en que o tomara o sono. E o mais estrano inda n-él, fora non botar toda a noite d'un solo tronce, se non acordando á cada hora. ¡Se somellaba

aquelo como se o Perello andivera no conto!

Cargoulle o moucho do seu des-acougo á carraxe que pillara co as falas que tivera c'o seu compadre. Tal iría lle deran que non faltou o canto d'un peso para chegaren á rifar.

Xelo era dos tercos, porfiados e testarudos, d'aqueles que non se aviñan ás boas, e que daban na propia cachola, inda viran o exemplo nos demais. Sin saber porque, tal vez por levarlle a contra aos outros, él seguía terne que terne, teso que teso en termar, nos curros da «Leira grande», de aquelas catro albres, que lle asombraban e comían o terreo e a sementeira.

¿Para que as quería él se non para lle daren incomodos e ruidos? Ao fin nin peras, nin figos, nin noces, nin

castañas viñan a seren para os da casa. Inda se lembraba e doía da custión que tivera c'un seu veciño, pois o fillo d'este causáralle tal estraqueira no millo, por lle pillar unhas peras, que fixerao adoeecer e á pouco mais cústalle un preito.

As albres, dixeran o que quixeran o Abade e o Maeso non servían senon para eso e para derramal-as terras, botar á un por portas e ter que andar á pedil-a familia.

¿Qué lles intresaba ao Abade nin o maeso?

¿E a froita? Era mais para os alleos que para os da casa. De que en de tendo albres todol-os veciños, habería froita abondo para todos, eran contos dos que van para a feira, c'os que os señoritos da vila querían engayolaren aos peisanos. Como s'estos

non souperan, ás suas costas, que a froita que millor presta e millor sabe é sempre a froita arroubada. Todos se debecen pol a allea por aquilo de «A pereira da vecina da millor pera que a miña,»

Como todos botaban así ben as suas contas non quedaba xa cuaseque unha albre en toda aquela bisbarra. Xelo era solmente o que as tiña, sin que se vira por eso mais adiantado nin gardara un peso mais no peto. A froita lla arrepañaba a cotío a rapacería, á medio lograr, e á doito botábanlle a perdel-a sementeira por lle ir ás peras ou ás mazás, ou cando ibanlle derrubar na nogueira.

Tiña pois razon abondo o seu compadre, e él, Xelo, tiña de facel-o que os demais. ¡Como se non souperan os vellos o que conviña! Cando

eles viñano facendo, adeprendido, e ben adeprendido, o terían.

Arrematou de almorzar, e sin pensalo mais, colleu o machado de enriba do bastardo e largouse cara á «Leira grande» disposto á lles dar pol-o pé á aquelas albres que lle servían d'estorbo, lle tornaban o sono e íaciano erguer de ben cedo.

* * *

Con tantas e tales ganas de dar comenzo á sua labor, chegou á «Leira grande» e tanto e tanto foi o que se debullou que moito antes do medio día a tiña arrumbada. Faltáballe solmentes o castiñeiro, máis este dáballe que cavilar pois era tan vello que o tronco tiña moita gordura e á mais estaba como pendurado na parte da leira que testaba c'o río, e de tal

xeito, que as raíces e as ponlas entraban pol-a augoa adiante. A cousa era de pensar: non fora á facel-o demo, que non durme, que ao tronzal-o castiñeiro deitárase de capitón no río e o levara a corrente, que alí tiña moita forza.

Cando iba á escomenzar chegouse á él o Sr. Abade, que por alí pasaba, e díxolle:

—«¿Qué vas seguir facendo? Non
 »seias tolo. Xa que cheguei tarde
 »para salvar-as outras albres que es-
 »tán xa por terra, respeta ao menos
 »o castiñeiro. Non solmente che pres-
 »tará sombra cando quente o sol nas
 »calores do vran se non que a suas
 »fortes raíces terman da leira. ¿Non
 »roparas coma se por elas non for, xa
 »se houbera derrumbado por esta vei-
 »rá pol-o que a augoa labra na terra?

»Xa que non por outra cousa por
 »teu propio intrés e comenencia non
 »tumbes o castiñeiro.

»Noutras terras, onde os paisanos
 »son leidos e escribidos, ben ade-
 »pendren o que lles conven. Alí non
 »teñen ás albres a teima que eiquí té-
 »deslle vos. N-elas vedes un enemigo
 »cando son mais que un amigo, unha
 »verdadeira axuda. CADA ALBRE VAL
 »POR CATRO FERRADOS DE BOA SEMEN-
 «TEIRA.

»Tanto è así, que n-outros lugarès
 »todol-os camiños teñen albres nas
 »suas veiras, e non son ermos e des-
 »amparados coma os d'esta terra.
 »Chega hastra tal extremo o respecto
 »ese e o cariño, que en moitos dos
 »camiños reales as albres que hay
 »n-eles son de froita, e *ninguen bó-*
 »*talles man*, non sendo para matal-a

»sede. O goberno tira, n-eses países
 »tan adiantados, o bastante c'ó que
 »lle renden aquelas froitas para tel-os
 »camiños como unha sala e sin tere
 »que botar outras derramos para os
 »compòr. Entroques aquí nin tedes
 »albres nin camiños.

»Agora--agregou o Abade—fai o
 »que che pareza. Xa estás avisado e
 »non botes a culpa á ninguen mais
 »que á tí do que che suceda.

»Desatende se che parez os meus
 »consellos e fai o que fan os mais
 »veciños. Xa que eles tolearon, tolea
 »tí tamen.»

Largouse o Abade e Xelo quedou
 caviloso. O que mais lle deu que
 pensar foi aquilo de que o río lle po-
 día destruí-la leira. Pol-o si ou pol-o
 non, decidiu non tocar ao castiñeiro.

—«Tempo teño abondo para tum-

balo»—se dixo, e dando volta para a casa deixou o castiñeiro en pe.

* * *

Invernía coma a de aquel ano non a acordaban os vellos mais vellos. Se como din os nosos «A fame en Galicia entra nadando», non iba á ser pequena a que lles agardaba.

Chover, chovía á xerros facía xa non sei cantos días. Camiños, corredoiras e sendeiros estaban tan escorredizos pol-a lama e augoa qu'eran unha penitencia e unha esposición, pois non se podía dar un paso por eles.

A sementeira estaban sin a facer e a pouca que se puxera tiña por forza que se podrecer con tanta augoa como caía e zugaba a terra.

Os rios e regachos viñan tan cheos

co a enxurrada que baixaba da montaña, que non se podía atravesar d'unha banda para outra, pois levara pontes e pontellos en moitos sitios.

Unha tarde, que temperara un pouco, aproveitouna Xelo para un pequeno viaxe á outra parroquia dos aledaños.

Parouse mais do que coidara, e xa era entre lusco e fusco cando deu volta. Como os camiños estaban feitos unha lameira, por mais que aproveitou moitos esqueiros e arredores, leváronlle mais tempo do que contaba e así pillouno a noite pecha inda non moi preto do seu lugar. Para mais, ao cerral-a noite, mais escura que boca de lobo, veuse outra vez a treboada, e eran tantos augoa e vento que non deixaban daren un paso, tendo que vir ás palpadelas, patoxando pol-a

lama, dando de cotenos e troupeleando con todo.

Cando lle non faltaba moito para chegar veira do río, virouse moito mais escura a noite e o vento e a augoa viñeron con tal forza, que somellaban unha barreira que non deixaba seguir adiante.

Así e todo, Xelo, atinou c'o pontello, cuase que cuberto pola augoa que traguía o río.

C'o maor tino, tratou de o pasar, pero zoando o trebón con mais forza, fixoo vacilar, resbalou, e Xelo caiu.

Inda que bon nadador, tiña tal forza a corrente, que Xelo viuse levar cal unha palla por entre das agurgullantes e avoltas augoas, custándolle non pouco traballo sosterse á fror d'elas.

Tantas cantas veces intentou ganar

as orelas, a corrente non llo deixaba, e mais d'unha vez que chegado, se cria xa en salvo por se ter agarrado as herbas, o río tiraba d'él con mais torza e, desgaxándose a ponla, víase Xelo de novo envolto e xoguete das augoas.

Perdida a noción do tempo, magoado e sin folgos, cuaseque xa vencido de todo na loita, sentíase atraído ao fondo cal se tivera nos pes uns pesos de promo. Xa nos derradeiros, sin esperanza, adicou un recordo aos seus, encomendou sua alma á Dios e deixouse ir, cheo de feros e acidumes.

Xa entreaugoas, sentiuse bater, recibindo un forte golpe. Instintivamente botou as mans, tocou algo que apreixou con tal forza que xa non o arrastraron as augoas. Alentou, foise repoñendo, e viu que estaba en salvo,

collido á unha recia ponla de unha
albre que viña bicar no río.

¡Era o seu castiñeiro!

* * *

En sinal de agradecemento, cada un
ano, prantaba Xelo, e facía facelo á
todol-os seus, que así adeprenderon
esta boa costume, as catro albres, e
á pe d'elas as outras de os días de
festa, cumpreanos e outros asiñalados.

Nos comenzos bulrabanse d'él os
seus veciños, mais pouco a pouco,
vendo como Xelo medraba e arre-
quencia en bens, comodidá e fartura,
malía da gafería que lles cargaban ás
albres, todos forono imitando e d'esta
terra erma, e casi esterea, fixeron a
bendición de Dios que estades vendo.

¡TAL É O MILAGRE QUE FAN AS
ALBRES.

* * *


«O conto arremotou, meus nenos.
 »Aproveitade ben esta leición. Res-
 »petade as albres, termando d'elas
 »como d'unha persoa querida.

»Non vos gozedes vosoutros, como
 »outros moitos, en desgaxal-as pon-
 »las para os vosos xogos. Cada unha
 »d'aquelas é, cando se tronza, como
 »privaren d'un dos seus membros á
 »un ser humân.

»Aproveitade estos insiños que vi-
 »des recibindo dende nenos e en
 »total-as ocasiós e dias sinalados da
 »vosa vida non deixedes de prantar
 »albres, pois así facedes dous grandes
 »servicios á un tempo: un para os
 »vosos e outro para voso país.»

E. C. A.

José María de los Ríos





REAL ACADEMIA
GALEGA

F 16082